



Expediente número: 8.538/2016

**Sesión Ordinaria 19/2016 celebrada polo Pleno do Concello
o día 29 de decembro de 2016**

ORDE DO DÍA

- 1.Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria número 18/2016 do 01/12/2016**
- 2.Dar conta Expedientes de Modificacións de crédito: 18/2016.TC07/16**
- 3.Aprobación dun Recoñecemento Extraxudicial de Créditos por importe de 65.349,43 €.**
- 4. Actividade de control do pleno.**
 - 4.1 Dar conta das resolucións de alcaldía.**
 - 4.2 Solicitudes de comparecencia.**
 - 4.3 Mocións.**
 - 4.4 Rogos e preguntas.**

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía de data 19 de decembro de 2016, e sendo as vinte horas do 29 de decembro de 2016 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Ángela Antón Pazos, Ana Isabel Rey Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Isaac Borja Araújo Figueroa, Ricardo Figueroa Rodríguez, José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laíño Ferreira, Jorge Varela Couñago, Xoán Carlos González Campo e Raquel Quintáns Costoya.

Tamén asistiu o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera e actuando como secretaria, a secretaria accidental, Paloma Meno Rodríguez.

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

O interventor deixa a sesión unha vez rematado o punto 3 da orde do día.

O concelleiro Varela Couñago incórpórase no comezo do tratamento das mocións.

O Alcalde fai un receso ás 22.05 e reanúdase a sesión ás 22.25 horas.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



1.Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria número 18/2016 do 01/12/2016

Dase conta do borrador da acta da sesión ordinaria número 18/2016 do 01/12/2016.

INTERVENCIÓNS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO respecto ao punto dos rogos, referido ao presentado por AER (Rex. Entrada 30.11.2016, 2016-E-RC-18723). sinala que se recolle a identificación dos veciños do camiño A Costa de Chapela, e ten dúbidas sobre o posible quebrantamento da Lei Orgánica de Protección de Datos.

A asinante resposta que a acta transcribe un rogo que se presentou e que lle consultará á Secretaria Xeral a posibilidade de dissociar o texto coa identificación das persoas na acta que se colgue na páxina web.

A concelleira PARIS BLANCO respecto ao punto 8 da orde do día, na primeira intervención da concelleira Amoedo Dasilva di que hai un erro, onde di *marco da FEGAMP* debe dicir *convenio da FEGAMP*.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbbase nos seus propios termos por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita)

2.Dar conta Expedientes de Modificacións de crédito: 18/2016.TC07/16

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 18/2016.TC07/2016 mediante a transferencia de crédito por importe de 4.740,28 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 20.12.2016.

O Concello Pleno quedou enterado do expediente administrativo de modificación de crédito, anteriormente relacionado.

3. Aprobación dun Recoñecemento Extraxudicial de Créditos por importe de 65.349,43 €

ANTECEDENTES:

Visto o Ditame da comisión informativa de economía e facenda na súa sesión do día 26/12/2016 que di:

“Vista a Proposta da Presidencia, de data 22 de decembro de 2016, transcrita di:

“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.



A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 22 de decembro de 2016, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Vendo que tal como establece o informe do Interventor, que a maior parte os gastos correspondentes a anos anteriores foron facturados en anos posteriores foi como consecuencia do retraso na facturación ou na entrega da documentación dos terceiros.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 65.349,43 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2016:

Terceiro	Data da Factura	Nº de factura	euros	Partida Orzamentaria
Civis Global S.L.U.	22/01/2015	16-272	37.506,18 €	1531A.60900
Civis Global S.L.U.	04/11/2016	16-273	14.491,07 €	1531A.60900
FCC Aqualia	05/05/2016	----	13.008,88 €	3421C.47200
Breixo Bujan Puentes	23/02/2016	----	28,85 €	1321A.23120
Ignacio Feijoo Traveso	22/09/2015	----	27,80 €	1321A.23120
Ignacio Feijoo Traveso	05/06/2015	----	57,65 €	1321A.23120
Ignacio Feijoo Traveso	09/10/2016	----	24,70 €	1321A.23120
Ignacio Feijoo Traveso	09/10/2015	----	14,10 €	1321A.23020
Irene Ríos Fernández	26/08/2016	----	24,70 €	1321A.23120
Irene Ríos Fernández	26/08/2016	----	14,00 €	1321A.23020
Irene Ríos Fernández	26/08/2016	----	24,70 €	1321A.23120
Irene Ríos Fernández	20/10/2015	----	28,00 €	1321A.23020
Irene Ríos Fernández	26/08/2016	----	49,40 €	1321A.23120
Irene Ríos Fernández	26/08/2016	----	49,40 €	1321A.23120
			65.349,43 €	

“

Votacións e dictame.-

A comisión informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, e cos votos a favor do grupo municipal do PP e AER e a abstención do grupo municipal do PSG-PSOE, estimou oportuno ditaminar favorablemente a proposta.”

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



INTERVENCIÓNS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que teñen algunha dúbida respecto a algunhas facturas, como a certificación de obra do camiño Costoia en Chapela, engade que hai unha modificación sobre a obra inicial.

O interventor interveñe e remítese ao dito no seu informe, di que é unha situación *de facto* e que a directora de obra, como representante do Concello emitiu certificación.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ na súa intervención da lectura ao parágrafo da comisión informativa transcrita que di: *Vendo que tal como establece o informe do Interventor, que a maior parte dos gastos correspondentes a anos anteriores foron facturados en anos posteriores foi como consecuencia do retraso na facturación ou na entrega da documentación dos terceiros.* Di que entendían que as facturas de Aqualia entregáronse en prazo e, respecto ao camiño Costoia di que hai erro na directora de obra, por aceptar obras que se fixeron mal. Cren que ese parágrafo podería modificarse.

A concelleira AMOEDO DASILVA deixa claro que a redactora de obra é a mesma que fixo o proxecto, tiveron que facerse modificacións: como actualizacións de prezos e materiais porque o proxecto inicial fora redactado por outro técnico e tiña varios anos. A directora xustifica os cambios. Respecto ao parágrafo que indica Figueroa Rodríguez, entende que se refire ás facturas dos cursos.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que a directora de obra tiña que presentar primeiro a modificación e o concello aceptar ou non, repite que xa hai varias veces que hai problemas cos directores de obra.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as presentes, sendo 19 votos a favor (9 do PP, 6 do PSOE, 3 de AER e 1 voto da concelleira non adscrita) e 1 abstención do BNG.*

4. Actividade de control do pleno.

4.1. Dar conta das Resolucións de Alcaldía.

O Pleno queda enterado a través do acceso ao Libro de Resolucións da plataforma Gestiona.

4.2. Solicitudes de comparecencia.

Non hai solicitudes de comparecencia nesta sesión do Pleno.



4.3. Mocións.

4.3.1. Moción do BNG sobre transferencia da AP-9.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal do BNG o día 21/10/2016 con número 15.838 que se transcribe a continuación:

“A AP-9 é unha autoestrada que abrangue unha parte moi importante do territorio galego, ao conectar toda a franxa atlántica e catro das sete cidades galegas. Malia o seu carácter vertebrador, a AP-9 continúa a depender do Goberno Central, que mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos, e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos.

O Parlamento de Galiza, ao final da IX Lexislatura, por unanimidade de todas as forzas políticas con representación, aprobou a “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, que foi remitida ao Congreso dos Deputados para a súa tramitación e aprobación final.

O día 14 de outubro de 2016, o Goberno central comunicaba a desconformidade coa súa tramitación nas Cortes Xerais, en base a un suposto incremento de créditos orzamentarios. Con independencia de que as contas feitas polo Ministerio de Fomento son absurdas, ao fundarse nos ingresos brutos das peaxes nun ano determinado (co que no caso de que as galegas e galegos decidísemos durante un ano non usar dita infraestrutura e reducir ao mínimo os ingresos de peaxes xa nos saíría case gratis o rescate), constitúe un agravio comparativo e unha discriminación parapetarse nun suposto incremento orzamentario para vetar o debate sobre a transferencia da AP-9 a Galiza e poder abaratar o seu custe para as usuarias e usuarios.

Paralelamente estase a falar de achegar cantidades multimillonarias de diñeiro do orzamento público para rescatar autoestradas quebradas en Madrid, e que non redundarán precisamente nun beneficio das persoas que as usan, senón que irán directamente para compensar ás Construtoras e á Banca.

Redondela, e os seus veciños e veciñas, sabemos como ninguén o atropello que supón a xestión da Autoestrada AP-9 por empresas privadas: peaxes das máis elevadas de Galiza, obras innecesarias, afeccións,... polo que os grupos políticos debemos reafirmar e apoiar a iniciativa aprobada no Parlamento Galego que téñen como finalidade superar un marco competencial onde Galiza nin decide nin opina sobre a xestión da vía de alta capacidade máis importante do punto de vista social e económico do país.

A proposta aprobada aspira a que desde Galiza se tome o control desta autoestrada, para rematar coas deficiencias na súa xestión, as peaxes abusivas e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera, a custa do peto de sufridos usuarios e usuarias, co modelo de xestión que ten a administración central da AP-9.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Os acordos aquí propostos permiten expresar o rexeitamento a que unilateralmente e sen xustificación, dun xeito totalmente arbitrario e despectivo cara a principal institución representativa de Galiza, mesmo se impoña un veto ao seu debate e tramitación nas Cortes Xerais. Polo tanto, tamén estamos a reclamar que se garanta un elemental dereito democrático por parte do Goberno central, a que unha iniciativa de tanta importancia para Galiza sexa debatida e sometida a consideración do Congreso e do Senado, non simplemente a ser arquivada sen ter a oportunidade de a poder facer valer.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita por parte do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Redondela, a adopción dos seguintes ACORDOS.

1. Instar ao Goberno central e ao Ministerio de Fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, aprobada por unanimidade do Parlamento de Galiza.
2. Instar aos grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobalas nos termos consensuados no Parlamento de Galiza.
3. Rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co fin de salvar á Banca e ás Construtoras que as xestionan, e instar a que os recursos públicos se destinen ao rescate de autoestradas en beneficio das usuarias e usuarios, para rematar coas peaxes abusivas da AP9.
4. Trasladar este acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza e nas Cortes Xerais, ademais do Goberno Central e a Presidenta do Congreso dos Deputados.”

INTERVENCIONS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están de acordo coa moción, porque é en beneficio para os galegos e galegas que a titularidade da autoestrada pretenza á Xunta.

O concelleiro CRESPO ABAL di que concordan coa moción do BNG e que o bloqueo é polo PP no Congreso. Van apoiar a moción.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que a realidade dos últimos días é o bloqueo de Madrid, O PP esqueceu o que dixo no Parlamento de Galicia e fixo outra cousa en Madrid. A AP-9 é unha vía vertebradora en Galicia e o eixo de unión con Portugal polo que Galicia debería xestionar esta infraestrutura porque coñece as súas necesidades.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que están de acordo cos acordos que teñen que tomar, o presidente do parlamento ten refrendado o apoio dos galegos por maioría absoluta, defende os intereses dos galegos, está lexitimado para a comisión mixta



formada polo goberno do estado e autonómico para falar destas competencias. O que interesa é que no tramo da AP-9 de Rande se deixe de pagar a peaxe. Pregunta ao BNG e ao PsdeG-PSOE cal foi a xestión que fixeron no seu día para reivindicar o beneficio dos de O Morrazo. Confían na comisión mixta entre o goberno de estado e a Xunta de Galicia para a transferencia da AP-9.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que non lle sorprende a actitude da voceira do PP, xa que expoñe cuestións que non teñen relación coa moción. Logo afonda en máis datos da concesión, diariamente os beneficios son 300.000 euros, 20.000 galegos teñen que pagar a peaxe, a autoestrada se está utilizando como elemento especulativo entre as grandes corporacións, para fondos extranxeiros. Os galegos e galegas van pagar o uso da autoestrada ata o ano 2048 por concesión do goberno da prórroga. Resposta á voceira do PP que Feijóo apoiou esta proposición non de lei porque estaba en campaña, o PP apoia unhas cousas en Galicia que en Madrid van rexeitar. A comisión mixta é unha claudicación do goberno galego ao central. É importante que as Corporacións Locais e Deputacións apoiem a transferencia, queren que sexa unha realidade no menor tempo posible.

O concelleiro CRESPO ABAL di que o que queren é que non exista peaxe nin directo nin indirecto. Van votar a favor.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO resposta á voceira do PP que as maiorías absolutas non sempre son boas. Neste asunto di que o Presidente da Xunta de Galicia foi unha marioneta no PP de Madrid. Respecto ao que conseguiron outros gobernos, lle pregunta qué foi o que conseguiu Javier Bas. Remata facendo referencia ao artigo 134 da Constitución Española.

A concelleira AMOEDO DASILVA resposta que o Alcalde de Redondela fixo xestións, respecto á bonificación da peaxe durante a semana en viaxes no mesmo día

O Alcalde interveñe para dicir que non se interrompa o turno da palabra, chama por primeira vez á orde á concelleira Digna Rivas.

A concelleira AMOEDO DASILVA continúa a súa intervención respostando a Álvarez Castro que Feijóo non é unha marioneta e que merece un respecto, cando falan de comisión mixta entre o goberno do estado e da Xunta, lles interesa que se chegue a un acordo. O BNG e PSdeG-PSOE non fixeron nada para obter bonificacións como os de O Morrazo e repite que o Alcalde, Javier Bas conseguiu a metade de bonificación cando se fai ida e volta na semana. A realidade é que o goberno da Xunta quere a transferencia pero debe consensuar co estado.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que agora se plantexa unha peaxe por franxas horarias. En Redondela as empresas están perdendo competitividade polo uso da peaxe en Rande, se se elimina a peaxe incidie no tráfico rodado en Chapela beneficiándoa. O BNG vai seguir traballando para que os recursos os xestione Galicia. Agradecen os apoios e van seguir traballando para que AP-9 sexa galega e gratuíta.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).



4.3.2. Moción do PSdeG-PSOE sobre recuperación senda peonil do río Maceiras.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE o día 18/05/2016 con número 6.895 que se transcribe a continuación:

“A senda peonil do río Maceiras que comeza no Salgueiral, nas inmediacións do Convento de Vilavella, e finaliza no lugar de Fortóns da parroquia de Cedeira, foi construída en tres fases: dúas delas financiadas pola Xunta de Galicia por importe de cento dezanove mil oitocentos sesenta e oito euros e outra pola Deputación de Pontevedra por valor de cincuenta e oito mil cento setenta e dous euros.

Na presentación deste proxecto, o alcalde D. Javier Bas Corugeira e máis o concelleiro de Medio Ambiente D. Miguel A. Álvarez Ballesteros, sinalaron que sería unha obra respetuosa coa biodiversidade polo que se empregarían materiais acordes para a súa integración no medio.

Despois das recentes inundacións que asolagaron o val do Maceiras e parte do casco urbano pertencente á parroquia de Vilavella, donde se produciron cuantiosos danos materiais, puxéronse ao descuberto as deficiencias constructivas de dita obra. Ao longo dos dous últimos tramos, pódese observar que a capa base que debería estar compactada, atópase formada por refugallos de obras que conteñen restos de formigón e aglomerado.

Sabendo que tanto o formigón como o aglomerado non son materiais propios para a recuperación medioambiental dos ríos pola contaminación que producen no entorno.

É polo que SOLICITAMOS.

- A inmediata retirada da capa base que contén restos de formigón e aglomerado nos dous últimos tramos do paseo peonil do río Maceiras.
- Que a recuperación do paseo peonil se faga, certamente, con materiais que non alteren a biodiversidade.”

INTERVENCIÓNS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están a favor da moción, abogan porque se respecte a biodiversidade.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que aínda que poida resultar extemporánea, hai case un ano que parte da senda fíxose sobre o río e hai un tapón. Lembra que o BNG elaborou no seu momento un proxecto para a recuperación medioambiental do Val de Maceiras e ao goberno do PP non lle interesou e, forzado pola xente de Redondela recuperou parte deste proxecto. Plantexouse como alternativa peonil á estrada EN-555. Di que o PP emprega este tipo de materiais nas obras, xabre, pichi,..., refugallo que debe ser tratado polas empresas pero o utilizan para recuperar sendas e camiños. Van apoiar a moción.

O concelleiro CRESPO ABAL di que se atopan outra vez na falta de control dos proxectos das obras, o director das obras no control das obras. Non entende como o



concello non reclamou á construtora a retirada deste material. Pon exemplo de material dunha ponte con emprego de granito gris, que denunciaron no seu día e non se reclamou nada. Propoñen que teríanse que desbrozar as marxes do río e facer pequenas actuacións para destinar a paseo natural, máis de acordo co medio ambiente.

A concelleira AMOEDO DASILVA resposta ao Reguera Ocampo na súa exposición da moción, respecto á falta de respecto polo tema da moción e retraso que puido plantexala nas xuntas de voceiros para outros plenos. O goberno do PP fixo o traballo para poder levar a cabo este proxecto e realizar as obras. Antes tiñan un proxecto que non se podía executar. En xaneiro cando se veron as primeiras deficiencias, contactaron co contratista indicando que non cumpría co proxecto, logo coas inundacións, se lle abriu un expediente sancionador ao comprobar o tipo de material empregado. A directora de obra fixo as reclamacións pertinentes ao contratista, estase enriba da obra e se coida medioambientalmente o Val de Maceiras. Deuse prazo á empresa para retirar entullos e logo a directora da obra fixo informe de que se retiraron.

O concelleiro REGUERA OCAMPO felicita polo paseo pero di que no último tramo, permitiron á empresa por uralita, aglomerado, cemento e votar zahorra. Di que no último pleno debatiuse unha única moción, dende febreiro son coñecedores do que se estaba a facer. Pregunta se estaba no proxecto o emprego dese material. Solicita ao Alcalde que vaia por alí e que o comprobe. O van denunciar a Augas de Galicia. Agradece aos demais grupos da oposición o apoio á moción. Remata que no primeiro punto do acordo, polo tempo transcorrido, se substitúa onde di: *dous últimos tramos por último tramo.*

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a voceira do PP está desacreditando ao concelleiro de medioambiente ao non defender esta moción. O proxecto de recuperación do Val de Maceiras era moi ambicioso e non tiveron vontade en facelo. Di que o Val do Maceiras todos os anos se anega, pero houbo unha situación extrema polas inundacións unido aos prexuízos que ocasiona a auga vertida das obras do AVE. En canto á utilización dos refugallos, di que este goberno o fai en todos os lados.

O concelleiro CRESPO ABAL di que teñen un rexistro de 4 de xaneiro de 2016 de AER que está sen contestar e que solicitaban información. Nun pleno do 2 de setembro de 2015 presentaron un rogo no que convidaron que antes de comezar as obras se tiveran en conta as opinións e ideas da oposición. Van apoiar a moción e lles solicita que contesten ao escrito.

A concelleira AMOEDO DASILVA resposta que se lle contestou ao escrito. O concelleiro Crespo Abal a interrompe e o Sr. Alcalde o chama a orde por primeira vez. Deseguido o Alcalde suspende o pleno 5 minutos, ás 21:15 minutos.

Ao reanúdase a sesión, o Alcalde le o artigo 35.c) do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela, dicindo que o seu obxectivo non é votar a ningún do pleno, debe escoitarse dende o respecto.

A concelleira AMOEDO DASILVA continúa co seu turno, di que as obras as realizou este goberno, a fixo unha persoa experta nesta materia sendo a directora das obras e cando se detectaron as deficiencias se realizou expediente de reposición e sancionador á empresa. Hai informe de xullo da directora de obra de que os restos se



retiraron. No seu día os restos das obras, co bipatirto os botaban no entorno do río Pexegueiro. Defende ao concelleiro de medioambiente. Van votar en contra.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que o paseo naceu no seu día como alternativa á EN-555, pregunta a causa pola que non foi pola marxe esquerda. Se eran coñecedores de que se tiñan que retirar os restos de entullos e a directora informa, pregunta se se retiraron. Reitera que van denunciar. No seu día xa denunciaron en prensa e aínda así continúan, fan caso omiso.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, coa modificación do punto primeiro do acordo, onde di: *dous últimos tramos por último tramo*, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 12 votos a favor (6 do PS de G-PSOE, 4 de AER 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e 9 en contra do PP.

4.3.3. Moción de AER sobre regulamento para os convenios coa Administración Local.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal AER o día 22/04/2016 con número 5.325 que se transcribe a continuación:

“Ano tras ano, o Concello de Redondela ven outorgando diversas axudas económicas para a financiación de eventos, actividades e proxectos de interese xeral reguladas mediante convocatorias específicas. Estas axudas concédense habitualmente mediante unha convocatoria de subvencións á que se presentan os proxectos en concorrencia competitiva, existindo uns baremos específicos regulados nunhas bases, ou mediante a sinatura dun convenio coa administración local.

A posibilidade de optar a subscribir un convenio coa administración local non está na actualidade regulada e ben sendo o criterio da Concellería correspondente quen dirime as accións obxecto de convenio en función dun interese xeral para a veciñanza de Redondela. Estes convenios abranguen diversos ámbitos: social, deportivo, cultural, educativo, etc. e esencialmente concédense a entidades sen ánimo de lucro.

Dende AER consideramos que esta situación é inxusta e anacrónica pola inexistencia de igualdade de oportunidades, pola inexistencia dun regulamento claro do procedemento de como optar a estas axudas e por non dar cumprimento neste senso á tan demandada transparencia e obxectividade nos procedementos, cada vez máis reclamada pola veciñanza actual do concello de Redondela. Tampouco existe unha comisión plural que avalíe que accións presentan un interese xeral suficiente para acadar a sinatura dun convenio de colaboración coa administración local.

Hai que salientar que dende AER non queremos por en dúbida que as entidades sen ánimo de lucro cuxos proxectos son actualmente beneficiarios de convenio co Concello de Redondela, sexan ou non merecedoras deste. Non obstante, a necesaria transparencia, igualdade de oportunidades e fiscalización dos recursos públicos fai necesario que se regule o procedemento de establecemento de convenios entre a administración local e terceiras persoas, tanto físicas como xurídicas.

Por estes motivos, e observando un baleiro importante neste senso, propoñemos o seguinte ACORDO:

Concello de Redondela



- ✓ Elaboración dun regulamento que defina un procedemento xusto, universal, regulado e obxectivo para a canalización de propostas de convenios, a composición dunha comisión plural para a avaliación das propostas, o establecemento de criterios baremables que establezan o interese xeral, entre outros aspectos, todo isto de cara ao establecemento de convenios da administración local con terceiras persoas, tanto físicas como xurídicas.”

INTERVENCIONS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que creen que esta proposta é unha boa iniciativa. Van votar a favor.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que traen unha moción que ten sentido. Din que o posible regulamento debe diferenciar entidades, como as de labor social. O BNG fixo bandeira da transparencia e da participación veciñal xa que lles parece moi importante. Van apoiar a moción dubidando da vontade de apoio do equipo de goberno.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que o goberno do PP eliminou algún convenio e acuden a subvencións en concursos. A realidade é que non hai criterio para os convenios, non dubidan da labor das entidades e van apoiar a moción para ter un criterio. Pregunta a AER cómo queren o formato da comisión plural que se pide no acordo da moción e se o regulamento iríase facendo con anterioridade ou esperaríase a que a comisión estivera formada.

A concelleira PARIS BLANCO di que os anteriores gobernos estiveron firmando ducias de convenios e non se lles ocorreu facer unha regulamentación. Respecto ás entidades, parece que co que propoñen discriminan. Resposta a AER que a concesión de convenios están suxeitos a regulación específica dos orzamentos municipais ano por ano. Son actividades que se están regulando pola Lei xeral de subvencións e lles parece suficiente esta regulamentación. Se fixan uns criterios e non carecen de transparencia. Fala do principio de eficacia e pregunta a AER se sería eficaz pasar por un procedemento complicado para chegar ao mesmo resultado.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ resposta ao BNG, que a pretensión non é eliminar convenios nin cambiar os convenios senon que todos poidan concorrer. A Álvarez Castro respecto á comisión, teríanse que reunir todos os grupos políticos e se decidiría como sería e se se podería contactar con asociacións que están recibindo subvencións. A París Blanco, respecto á eficacia, podería facer a mesma argumentación coas ludotecas e campamentos de verán, pois agora hai unha orde para a admisión nestes campamentos. O que se pretende é que todo o mundo poida concorrer en igualdade.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o PP manipulou os convenios e os empregou como chantaxe para a aprobación dos orzamentos e normalmente van a final de ano. Respecto ao principio de eficacia, resposta que eles poden dicirlles como teñen que gobernar e teñen que escoltar á oposición. Pero non van facer nada porque non teñen vontade de facelo. Hai cuestións que se poden ir evolucionando e agora a oposición con responsabilidade pide que se modifiquen.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO resposta que hai eventos que están por subvencións e outros por convenio. Haberá convenios que non se poderán regular e outros se



poderán mellorar. Consegúrase que haxa máis transparencia. A Xunta de Galicia eliminou varias subvencións nominativas e puxo varios criterios para outorgar as subvencións.

A concelleira PARIS BLANCO resposta a Álvarez Castro, que están facendo unha discriminación. A González Campo di que non cuestionan os convenios porque aplican a lei de subvencións, que cúmprese a transparencia, a información está nos orzamentos do Concello e dase conta no pleno dos convenios e teñen posibilidade de consulta.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ resposta a París Blanco que o que solicitan na moción son criterios para que as asociacións saiban porque se lles dan esas cantidades. Nos anos que levan gobernando, firmaron convenio coa asociación de empresarios, solicitaron unha copia e non a recibiron. Non pode achacar ao BNG e ao PSdeG-PSOE que fixeron mal as cousas porque din que seguen a facer igual. Remata dicindo que o mellor á que vaian ao concelleiro de turno e que decida a quén dar a subvención cuns criterios.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, apróbbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 12 votos a favor (6 do PS de G-PSOE, 4 de AER 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e 9 en contra do PP.

Faise un receso ás 22.05. Reanúdase ás 22.25 horas.

4.3.4. Moción BNG sobre a creación dunha oficina de axudas as veciñas e veciños afectados polo “Plan de Regularización Extraordinario” posto en marcha polo Ministerio de Facenda.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal do BNG o día 11/11/2016 con número 16.885 que se transcribe a continuación:

“No BNG de Redondela, somos conscientes que a nova revisión catastral que se está a levar a cabo no noso país, derivada do “Plan de Regularización Extraordinario” aprobado polo goberno do estado e posto en marcha polo Ministerio de Facenda e cun período de execución que vai dende 2012 a 2016, sen dúbida vai provocar un grave prexuízo económico, para moitas veciñas e veciños do noso concello.

Este proceso que xa finalizou en moitos concello do noso país e está a ter lugar no noso, estase amosando absolutamente inxusto. Deixando de lado a parte razoable de detectar e polo tanto regularizar novas construcións, tanto de nova planta como ampliacións, este proceso téñ un segundo obxectivo como o de incluír como bens inmobles, construcións auxiliares como son os galpóns, alpendres, cortellos, galiñeiros, invernadoiros... etc. Que a partir de agora pasan a ser considerados bens inmobles e polo tanto teñen que pagar o seu correspondente IBI, que ademais no caso de seren catalogadas como almacéns o Catastro reclamaralle o pago de catro anos de atrasos das cantidades que se determinen.



Tendo en conta que para levar a cabo este proceso, o Catastro contratou a unha empresa privada a cal abona a cantidade de 60 euros, por cada denuncia que fai (60 euros que logo o Catastro cobra aos denunciados por esta empresa), resulta doado entender que a empresa cantas máis denuncias fai máis cobra, facendo fotos ata á caseta do can. Un exemplo disto témolo no concello veciño de Soutomaior cunha poboación de aproximadamente 8.000 habitantes a empresa fixo mais de 1200 denuncias, con estes datos podemos imaxinar que pasará en Redondela.

Casos como dar de alta casetas de pozos, galiñeiros, medas de herba seca, piscinas inchables... etc, son casos reais que aconteceron en varios concellos do país, onde este proceso de regularización xa rematou. Claramente o único interese recadatorio do Ministerio de Facenda, prima sobre a realidade da situación destas “construccións”. Novamente o Partido Popular cargando sobre a veciñanza, o aumento nos seus ingresos.

A situación agrávase no proceso de reclamación para as veciñas e veciños afectados, por resultar moi complexo e custoso. As cartas certificadas que o Catastro remite, están feitas para que non se entendan e desanimar así a que as persoas que non estean de acordo coas altas que lles faga o Catastro, non presenten as alegacións correspondentes.

Por todo isto, consideramos importante que o goberno municipal de Redondela, poña a disposición de todos os veciñas e veciños que resulten afectados por este proceso, os recursos de asesoramento necesario. Dende o Bloque Nacionalista Galego consideramos viable que persoal do concello traballe a tempo parcial semanalmente nas oficinas municipais de Redondela e Chapela, onde se poida dar información e asesoramento de maneira gratuíta e fiable a toda a veciñanza afectada por este “catastrazo”

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita por parte do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Redondela, a adopción do seguinte **ACORDO**

1º Instar ao goberno de Redondela a que restructure o organigrama da plantilla municipal, para que se preste axuda e asesoramento durante o tempo estritamente necesario tanto nas oficinas de Redondela como nas de Chapela, aos veciños e veciñas afectados polo “Plan de Regularización Extraordinario” posto en marcha polo Ministerio de Facenda.”

INTERVENCIÓNS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están en contra de certos aspectos do plan de regularización. A moción do BNG parécelles xusta e van apoiar.

O concelleiro CRESPO ABAL di que van apoiar a moción.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que están de acordo co BNG e co labor que están facendo para informar á veciñanza. Recalca a demanda que veñen facendo dende fai tempo.



A concelleira AMOEDO DASILVA resposta ao voceiro do BNG que non lle parece xusto que un veciño que declare un galiñeiro, galpón ou churrasqueiro que pague e que o que non, non pague. O xusto é que se fagan as revisións para que todos sexamos tratados por igual. Respecto á restructuración da plantilla, di que o persoal é necesario para o departamento que está traballando. No ano 2014 adxudicouse a unha empresa a xestión tributaria. Cre que a moción ven a destempo, É inviable reorganizar a plantilla. A tesoureira lle comenta que co persoal que ten non é viable a súa restructuración. É un acordo que ten ideas xerais e non concretas. Entende que cando plantexan esta moción, teñen unha solución concreta e que o tería que facer na xunta de voceiros.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que non tería problema que traballadores tiñan que facer este labor, pero él non goberna. Están en contra que o Ministerio aproveite as construcións auxiliares como se fosen habitables así como as de menos de 20m². Di que é unha estratexia do PP, xa que os veciños no van reclamar e que o xestionará unha empresa privada á que van ter que pagar. Consideran que esta cuestión vai ser moi importante para os veciños de Redondela. Se pasa dunha recadación de 10 millóns de euros a 100 millóns de euros. Remata dicindo que defenden que cada quen ten que axustarse á legalidade urbanística pero é unha tropelía do Ministerio.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que van apoiar a moción porque é de asesoramento aos veciños.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que nalgún momento puntual se informe na parroquia de Chapela pola súa densidade de poboación. Van apoiar a moción.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que o que propoñen é un brindis ao sol, dixo de forma clara a situación do persoal do que dispoñen e que están cheos de traballo. O servizo de xestión tributaria ten servizo de atención todos os días. Resposta a González Campo que os servizos de xestión tributaria facilitan información. Lles gustaría dar cabida a Chapela pola densidade de poboación pero teñen que traballar cos recursos que teñen. Propoñen pero non din nin cómo nin onde. Non a van apoiar porque cren que reorganizar a plantilla xa está feito e que teñen que facela con persoas preparadas para dar esa información.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que esta Lei vai incidir nas becas porque van aumentar patrimonio das familias que estean no rural. Di que non é tan doado alegar. Agradece aos grupos da oposición o apoio á proposta.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 12 votos a favor (6 do PS de G-PSOE, 4 de AER 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e 9 en contra do PP.

4.3.5. Moción do PSdeG-PSOE sobre a escola municipal de lecer.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE o día 18/05/2016 con número 6.894 que se transcribe a continuación:



“Ao longo da historia do noso municipio, as actividades motivadas desde a administración pública supuxeron unha grande ferramenta dinamizadora da nosa vila.

Ao día de hoxe, son só dúas as actividades que desenrola o concello directamente ao longo do ano, alfabetización e autoestima que xestionan os servizos sociais.

O noso concello durante os últimos anos ven padecendo unha diminución das actividades xa non existe: pintura, fotografía, inglés, alemán, coiro, teatro, guitarra...

Pola contra, moitos concellos do arredor ampliaron os seus programas que abranguen diferentes actividades. En Nigrán: ioga, cerámica, música, estimulación, ximnasia de iniciación... Pontearreas: cestería ecolóxica, cociña e repostería, animación infantil, arte floral, poda e selvicultura, pintura, restauración de mobles... En Soutomaior: bailes variados, bailes latinos, danza do ventre, ponte en forma, escola de pais e nais, coidado de pel e imaxe persoal, inglés, obradoiro de ideas: fai que a túa idea funcione, manualidades en familia, debuxo e pintura, arteterapia, fotografía, musicoterapia...

Algúns deles como Mos, chegando a incorporar unha ludoteca municipal que oferta actividades pola tarde dependendo das idades: cociña, matemáticas divertidas, baile, teatro, inglés lúdico, pintura...

Ante a falta de interese e deixadez deste concello, os socialistas propoñemos unha Escola Municipal de Lecer que empece en setembro e remate en xuño onde todas as idades teñan orientadas diferentes ofertas de cursos xestionadas polo concello, así como incorporar actividades interxeracionais.

Por todo o exposto, solicítase ao pleno da corporación municipal o seguinte

ACORDO :

1. Que o Goberno Municipal do Concello de Redondela xestione e leve a cabo dende a administración un “pack” de actividades englobados baixo unha Escola Municipal de Lecer.
2. Que o Goberno Municipal do Concello de Redondela empece coa Escola Municipal de Lecer o próximo setembro de 2016.”

INTERVENCIÓNS:

A concelleira REY GÓMEZ na lectura da moción, di que no punto 2. do acordo, dado a tardanza do tratamento da moción, onde di setembro 2016 poñer xaneiro de 2017.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que van apoiar a moción.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que é importante a escola de lecer e que debe ser para todas as franxas de idade. Van apoiar a moción.

O concelleiro CRESPO ABAL di que van apoiar a moción.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que é outro brindis ao sol, que é un erro comparar Redondela con outros concellos, como Mos ou Soutomaior, polo número de poboación que ten e as parroquias. O goberno apoia con subvencións ás asociacións e colectivos culturais e veciñais, sería quitarlles recursos, xa que require dun custe, sacar a



concurso e supón que van a duplicar as actividades que outros colectivos están facendo, cos recursos do concello promocionar esas actividades e que eles os fagan. O concello xa fai cursos, como tai-chi, cursos de informática,...

A concelleira REY GÓMEZ agradece á oposición o apoio. Respecto aos centros culturais, teñen que facer o dobre de traballo con menos recursos, pregunta respecto a qué cursos de idiomas fan os centros culturais, e di que o Multiusos está infrautilizado. As actividades subvencionadas permiten igualdade de oportunidade, non hai actividades para a mocidade, nos anos 90 había máis actividades que agora. Di que o Goberno pagou a unha empresa 3.000 euros para un estudo de xuventude cando teñen unha técnica no servizo.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que están quedando nenos fora das ludotecas, o concello debe tomar as rendas dunha programación. Un exemplo claro do mal uso do edificio do Multiusos é que se pretendía trasladar aos servizos sociais. Van apoiar a moción.

O concelleiro CRESPO ABAL di que os cursos que se daban no Multiusos desapareceron. Habería que coordinar. Van apoiar a moción.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que o concello fixo cursos de fotografía, informática, redes sociais, o goberno quere plantexar algo máis serio, facer un estudo sobre o que queren os xóvenes de Redondela. Coa escola de lecer queren quitarlle protagonismo aos centros culturais. Respecto ás clases de teatro o interventor dixo que tiña que facerse un concurso e que non podía ser sempre a mesma persoa. A realidade é que a deputación gastou miles de euros en cursos que foron baixas no programa porque a xente xoven non os quere.

A concelleira REY GÓMEZ resposta a Amoedo Dasilva respecto ao concurso para as clases de inglés a empresa que se propuxo non reunía os requisitos, respecto a tai-chi que é de servizos sociais e non de xuventude. Di que non respostou sobre os cursos de idioma, nin o plan estratéxico de xuventude. Non fala das actividades que fai xuventude.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, coa modificación do punto 2. do acordo, onde dí: *2. Que o Goberno Municipal do Concello de Redondela empece coa Escola Municipal de Lecer o próximo setembro de 2016*, que diga: *2. Que o Goberno Municipal do Concello de Redondela empece coa Escola Municipal de Lecer o próximo xaneiro de 2017*. Apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 12 votos a favor (6 do PS de G-PSOE, 4 de AER 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e 9 en contra do PP.

4.3.6. Moción de AER sobre demanda de melloras nos servizos do centro de saúde de Redondela.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal AER o día 21/10/2016 con número 15.814 que se transcribe a continuación:



“O Centro de Saúde de Redondela, construído no ano 1997 e dependente do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) da Xunta de Galicia, dá cobertura sanitaria a unha grande parte do concello de Redondela. Os servizos ofertados constan de medicina xeral, pediatría, enfermería, citoloxía, farmacia, fisioterapia, traballador/a social e radioloxía. Ademais, cóntase cun Punto de Atención Continuada de urxencias (PAC), tanto para adultos como para cativos e cativas en horario continuo.

En canto recursos humanos podemos citar os seguintes:

- 14 profesionais de Medicina Xeral.
- 4 pediatras
- 5 médicos e médicas internos residentes
- 3 auxiliares de enfermería
- 14 enfermeiros e enfermeiras
- 10 profesionais con función administrativa
- 1 matró/matrona
- 1 odontólogo
- 1 especialista en hixiene bucodental
- 1 farmacéutico/a
- 3 fisioterapeutas
- 1 traballador/a social

En Chapela cóntase con outro centro de saúde de titularidade municipal no que se conta con Medicina Xeral, Pediatría e Urxencias, aínda que neste caso Urxencias unicamente en horario de mañá de 8:00 a 15:00 h de luns a sábado, ao non ser este un PAC. Este centro non conta co servizo de Radioloxía, dependendo os veciños de Chapela ao igual que a veciñanza de Pazos de Borbén e de Fornelos, do Centro de Saúde de Redondela. Os recursos humanos existentes neste centro son:

- 9 profesionais de Medicina Xeral
- 1 pediatra
- 6 enfermeiras/os
- 1 auxiliar de enfermería
- 3 profesionais con función administrativa
- 1 matrona

A pesares destes servizos, os usuarios destes centros médicos veñen detectando que o servizo de urxencias carece de urxencias pediátricas propias, sendo numerosas veces atendidos os cativos en urxencias por profesionais sen a especialidade en pediatría. Esta poboación abarca a aproximadamente uns 4.220 menores (2.942 de Redondela, 995 Chapela, 140 Pazos de Borbén e 143 Fornelos).

Sendo coñecedores que algúns médicos de adultos poidan posuír formación complementaria tal como cursos de puericultura, entendemos dende a Agrupación de Electores que non é suficiente para proporcionar un servizo de calidade á nosa veciñanza. A cuestión básica radica en que o SERGAS debe aumentar o cadro de persoal de pediatras nos centros de saúde e non buscar solucións intermedias e insuficientes, chegando así a un maior estatus de calidade na atención sanitaria de proximidade. É polo tanto necesario contar nos Centros de Saúde de suficientes especialistas en pediatría para que poidan turnarse e dar un servizo de urxencias pediátricas continuado e de calidade, sobre todo en horario de tarde e nas fins de semana.

Como xa se comentou, o centro de Saúde de Redondela conta cun servizo de

Concello de Redondela



Radioloxía que funciona unicamente en horario de mañá. En horario de tarde e nas urxencias de fin de semana, aínda existindo os medios materiais, tanto os pacientes de centro de saúde como os que acoden a Urxencias (Punto de Atención Continuada) son derivados ao hospital Álvaro Cunqueiro, co que iso implica; horas de espera, saturación das urxencias do hospital de referencia, escasa optimización de recursos, etc.

Por estes motivos, e observando un baleiro importante neste senso, propoñemos ao pleno do Concello de Redondela os seguintes ACORDOS:

- Que o Concello de Redondela tome as decisións e medidas oportunas e inste á Xunta de Galiza para que se dote ao Centro de Saúde de Redondela de recursos sanitarios suficientes para atender Urxencias Pediátricas de xeito continuado e suficiente mañás, tardes, noites e fin de semana.

- Que o Concello de Redondela acometa as decisións e medidas oportunas e inste á Xunta de Galiza para que o servizo de Radioloxía do Centro de Saúde de Redondela se amplíe ás tardes, así como aos horarios de urxencias nocturno e de fin de semana, dotando ao centro do persoal suficiente para atender este servizo.”

INTERVENCIONS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que os servizos sanitarios son algo prioritario. Van apoiar a proposta de AER.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a moción está clara, se houbera inversión en atención primaria e preventiva non habería estes problemas. O BNG aposta polos servizos públicos. Van apoiar a moción.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que van apoiar a moción. Lembra que é unha vergoña que a Xunta de Galicia ten responsabilidade no tema de sanidade e que o PP de Redondela levaba no seu programa electoral o tema de pediatría, despois de cinco anos e medio non fixeron nada. Redondela ten falta de pediatras, non se cubren as baixas, van apoiar a moción.

A concelleira PARIS BLANCO di que van apoiar os acordos da moción. Aporta datos da consellería que di que os centros de saúde están suficientemente dotados. Propuxeron pediatras de tarde en Redondela e Chapela e conseguiron en Redondela, en Chapela non había cupo suficiente. Non hai discriminación do que se fai en Redondela con outros concellos. Respecto ao horario non se podería xustificar o turno de tarde pola poboación de Redondela. AER di que entenden que a atención do servizo non é suficiente, lles pregunta se teñen algún dato diferente no que se apoie esta demanda. Contactou coa supervisora do centro de saúde e lle dixo que non tivo queixa, o que si dixo e que era moi complicado aumentar os turnos en pediatría porque no Sergas o número de pediatras non é suficiente.

O concelleiro CRESPO ABAL resposta que os datos da moción os traen despois de consultar cos traballadores. Di que non se dá servizo á cidadanía. Hai saturación dos servizos cando se tiña que dotar con máis persoal.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a voceira do PP fai outro brindis o sol. Que a

Concello de Redondela



consellería diga que a sanidade pública estea ben non significa que sexa así, van apoiar a moción.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que a moción traése porque hai uns datos, a Xunta de Galicia dedícase a privatizar. Queren que a sanidade sexa pública, que todos os veciños e veciñas teñan dereito a unha sanidade pública.

A concelleira PARIS BLANCO di que non escoitou máis datos que os que dixo ela. Redondela está igual de ben tratada que o resto dos concellos. Os datos din que están ben atendidos e que é suficiente o persoal que teñen. Propoñen incluír un terceiro parágrafo nos acordos da moción: Instar á consellería de sanidade a que estude e elabore uns criterios para cubrir a falta de persoal sanitario cualificado de pediatría.

O concelleiro CRESPO ABAL di que non acepta o proposto. Non están de acordo cos ratios da consellería.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

4.4 Rogos e preguntas.

Non hai rogos e preguntas nesta sesión do Pleno.

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte tres horas e corenta e cinco minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-